

A Pega rabilonga *Pica pica*

🌿 Nomes comúns:

- castelán: urraca
- inglés: common magpie

🌿 Nome científico: *Pica pica* L

🌿 Clasificación:

- clase: Aves
- orde: *Passeriformes*
- familia: *Corvidae*
- xénero: *Pica*

🌿 Alimentación: omnívora

🌿 Distribución en Galicia: sedentaria

🌿 Lonxitude: 45 cm

🌿 Envergadura: 50 cm

🌿 Peso: 200 g

🌿 Son máis común: chac-chac-chac....


🌿 Dimorfismo sexual: apenas existe

🌿 Observacións: cores metálicos na cola ao darlle o sol

🌿 Máis información en:

http://www.seo.org/aves_espana.cfm

<http://www.vertebradosibericos.org/>



A Lavandeira branca

Motacilla alba

🌿 Nomes comúns:

- castelán: lavandera blanca
- inglés: white wagtail

🌿 Nome científico:

Motacilla alba L

🌿 Clasificación:

- clase: Aves
- orde: *Passeriformes*
- familia: *Motacillidae*
- xénero: *Motacilla*

🌿 Alimentación: insectívora

🌿 Distribución en Galicia: sedentaria, pero no outono e no inverno aumenta a poboación coas invernantes que veñen do norte

🌿 Lonxitude: 18 cm

🌿 Envergadura: 28 cm

🌿 Son máis común: un reclamo que soe facer en voo: "tsi-sitt"

🌿 Dimorfismo sexual: sexos

parecidos, pero a femia ten a caluga gris


🌿 Xuvenís: Máis uniformes, sen negro na cabeza, e banda pectoral gris

🌿 Observacións: non deixa de mover a cola para arriba e para abaixo, move a cabeza cara a diante e cara atrás ao ritmo do camiñar, que por certo é a pasiños, non saltos como os pardais. Frecuentemente pegan carreiras para atrapar insectos

🌿 Máis información en:

http://www.seo.org/aves_espana.cfm


<http://www.vertebradosibericos.org/>



Lique amarelo *Xanthoria parietina*

🌿 Que é un lique?: é unha asociación simbiótica dun fungo cunha alga

🌿 Descrición: Talo amarelo alaranxado, as veces ten como unhas copiñas de 2mm de diámetro, son os apotecios, estrutura reprodutora do lique



🌿 Nome científico: *Xanthoria parietina*

🌿 Nutrición:

- o fungo: heterótrofo
- a alga: autótrofa

🌿 Distribución en Galicia: moi abundante sobre todo tipo de rochas, monumentos, bancos, árbores...

🌿 Observacións: especie bastante toxitolérente, polo que é moi común nas cidades.



🌿 Usos: como bioindicadores de contaminación, SO₂ (dióxido de xofre) sobre todo

🌿 Máis información en:

<http://www.asturnatura.com/especie/xanthoria-parietina.html>

http://en.wikipedia.org/wiki/Xanthoria_parietina

A araña do sótano *Pholcus phalangioides*

🕷️ Nomes comúns:

- inglés: Daddy long legs "papaíño pernas longas"

🕷️ Nome científico: *Pholcus phalangioides*

🕷️ Etimoloxía: *Pholcus* ven do grego e significa virollo, *phalangioides* é polo seu parecido cos opilións

🕷️ Clasificación:

- filum: Artrópodos
- clase: Aracnidos
- orde: *Araneae*
- familia: *Pholcidae*
- xénero: *Pholcus*

🕷️ Alimentación: insectívora

🕷️ Hábitat: construcións humanas principalmente

🕷️ Distribución: Cosmopolita

🕷️ Lonxitude do corpo: 2 -3 cm nas femias

🕷️ Lonxevidade: 18 meses en condicións naturais

🕷️ Dimorfismo sexual: Os machos son máis pequenos. E cando son adultos, os machos teñen os pedipalpos moi engrosados para conter o seme neles. As femias teñen unha protuberancia, o epiginio, na parte anterior do abdome

🕷️ Observacións: case non ve, guíase polas vibracións e sustancias químicas no aire. Soe estar inmóbil, boca abaixo colgado da súa maraña de tela case invisible nunha esquina do teito

🕷️ Máis información en: <http://gia.sea-entomologia.org/>

